Traballo tutelado	Seguimento directo dos proxectos na sesións prácticas da materia. Atención personalizada a través das titorías. https://calendly.com/emmatordesromay/titoria-presencial
Probas	Descrición
Proxecto	Seguimento directo dos proxectos na sesións prácticas da materia. Atención personalizada a través das titorías. https://calendly.com/emmatordesromay/titoria-presencial

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Asistencia e aproveitamento ás sesións prácticas de seguimento dos proxectos da materia. Requírese un mínimo de asistencia para obter un aprobado neste apartado (ver documento de avaliación da materia)	20	A2 A4	B6 B8	C11	D1
Proxecto	Creación de pezas publicitarias audiovisuais segundo as indicacións e as sesións de formación desenvoltas na aula.	40	A2 A4	B1 B5 B6 B7 B8	C1 C11 C14 C20 C23	D1
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test sobre os contidos teóricos da materia.	10		B1	C23	
Estudo de casos	Cuestionarios sobre os casos de estudo que se realizarán nas sesións de clases teóricas.	30	A2 A4	B1 B5 B6 B7 B8	C1 C11 C14 C20 C23	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

NORMATIVA DE AVALIACIÓN DA MATERIA - CURSO 2023-2024

A presente normativa axústase ao establecido no Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantando (Aprobado no Claustro do 18 de abril de 2023. Máis info) ao que se refiren os artigos citados nesta normativa.

1. DA NATUREZA DA MATERIA

1.1. A materia Creatividade Publicitaria e Audiovisual está incluída no plan de estudos do Grao en Comunicación Audiovisual como unha materia de carácter **OPTATIVO** no itinerario [Publicidade Audiovisual]. (Ver Memoria do Grao)

1.2. Esta materia impártese en réxime **PRESENCIAL** polo que é deber dos estudantes asistir ás sesións docentes prácticas e teóricas no horario establecido polo centro (Ver horarios) (Artigo 13).

1.3. A avaliación da materia realízase mediante o sistema de **AVALIACIÓN CONTINUA** (Artigo 20), sendo preciso realizar unha renuncia expresa por parte do estudante para realizar unha avaliación global (Ver regulamento do centro).

2. DOS BAREMOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA

2.1. AVALIACIÓN CONTINUA.

2.1.1. O sistema de **avaliación continua** da materia realízase atendendo a tres factores:

a) Superar a **parte práctica**, coa realización das actividades programadas.

b) Superar a **parte teórica**, mediante o sistema de avaliación continua.

c) **Asistencia** e participación do alumnado nas clases teóricas e prácticas.

2.1.2. Para superar a **parte práctica** deberán realizarse as actividades programadas en tempo e forma e sempre a baixo á supervisión docente. Ditas actividades deberán realizarse en grupo e poranse en marcha nas sesións de talleres e seminarios. Estas actividades valoraranse sobre un máximo de 10 puntos e supoñen un 40% da avaliación da materia, subdividido en actividades diversas e tendo en conta as seguintes consideracións:

a) Cada unha das actividades da parte práctica será valorada cunha puntuación máxima e terá asignada unha carga de horas prácticas que lle serán comunicadas ao alumnado antes de realizar a mesma. Do mesmo xeito indicárase un prazo de entrega que non poderá ser modificado baixo ningunha circunstancia.

b) As actividades prácticas serán realizadas preferentemente en equipo, sen prexuízo de que poidan realizarse actividades individuais de xeito puntual. Todos os membros do grupo de prácticas recibirán a mesma cualificación, excepto naqueles casos nos que un membro do equipo se ausente dalgunha sesión práctica sen causa xustificada, o que suporía a minorización da cualificación de formar equivalente.

c) Tódalas actividades prácticas realizaranse nas sesións prácticas que están programadas nos horarios de docencia da materia. Isto non evitará que, nalgúns casos, os alumnos e alumnas teñan que cumprimentar os seus traballos fora da aula. En calquera caso, será labor do docente tentar que os alumnos e alumnas saquen o máximo rendemento desas sesións. Pola súa natureza, as actividades prácticas grupais non poderán ser repetidas nin cando a ausencia sexa por causa xustificada (artigo 15 da normativa da Universidade de Vigo). Sendo valoradas neses casos cun aprobado (5 puntos) para os estudantes que se atopen nesa circunstancia.

2.1.3. Para superar a **parte teórica** os alumnos e alumnas deberán superar as actividades individuais e grupais de avaliación continua que se desenvolverán na aula ou fóra da aula segundo as indicacións do docente. Ademais, deberán realizar un exame teórico escrito individual sobre os contidos teóricos que se impartan a aula e que están recollidos no programa. A parte teórica da materia valorarase sobre un máximo de 10 puntos e suporá un 40% da avaliación da materia, tendo en conta as seguintes consideracións:

a) As clases desenvolveranse mediante sesións maxistras participativas que se combinarán coa realización de actividades individuais de reforzo dos contidos e avaliación do progreso dos estudantes. O docente facilitará ao inicio de curso unha axenda das actividades previstas.

b) As actividades de avaliación continua da parte teórica realizaranse prioritariamente na aula, podendo alongarse o período de entrega das mesmas fóra da aula en casos puntuais (polo volume da actividade ou por necesidades de organización). Só poderá realizarse a actividade fóra da data marcada ou fóra da aula cando se produza unha ausencia xustificada (artigo 15 da normativa da Universidade de Vigo) e sempre nun período non superior a dúas semanas dende a celebración da actividade. No caso de actividades grupais aplicarase o mesmo criterio que no relativo á parte práctica da materia (Ver apartado 2.1.2.c).

2.1.4. A **asistencia a clase** ten carácter obrigatorio. Para obter a máxima cualificación neste apartado é preciso asistir ao 100% das clases. A cualificación reducirase en función das faltas de asistencia de forma exponencial aplicando o seguinte baremo:

Táboa 1. Baremo de cualificación por asistencia. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Sesións*	Porcentaxe de asistencia	Cualificación
Menos de 16 sesións	Menos do 50%	0 puntos
16-25 sesións	51-75%	7 puntos
25-30 sesións	76-90%	9 puntos
30-33 sesións	91-100%	10 puntos

* Para o curso 2023-2024 establécense un total de 11 sesións teóricas de 2 horas (total 22 horas) e 12 sesións prácticas de 2 horas (total 24 horas), restando 2 horas para a presentación de traballos e realización do exame final. Para o cómputo de avaliación teránse en conta 33 sesións.

2.1.5. A **avaliación final** da materia realizarase aplicando a seguinte distribución:

- a) Teoría. Puntuación. Máxima 10 puntos/ Porcentaxe da nota 40%
- b) Práctica. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 40%
- c) Asistencia. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 20%

É requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das tres partes.

No caso de que un estudante non supere as actividades de avaliación continua (mínimo de 5 puntos sobre 10) aplicaranse os seguintes criterios:

Táboa 2. Criterios sistema de avaliación continua. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Elemento de avaliación	Situación	Corrección da cualificación
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos nas actividades de avaliación continua da aula.	O estudante deberá realizar o caso práctico na convocatoria de xuño.
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos no exame final da materia	O estudante deberá repetir o exame teórico na convocatoria de xullo.
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos nas actividades de avaliación continua e no exame final da materia.	O estudante deberá repetir o exame teórico e realizar o caso práctico na convocatoria de xullo.
Práctica	O estudante obtivo menos de 5 puntos no proxecto final da materia.	O estudante deberá presentar un novo proxecto (individual) na convocatoria de xuño.
Asistencia	O estudante obtivo menos de 5 puntos por asistencia á materia.	O estudante deberá realizar o exame teórico da avaliación global da materia.

2.2. AVALIACIÓN GLOBAL.

2.2.1. O estudantado deberá informar ao docente da súa **renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido** polo centro para tal fin, axuntando cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin. Ningún outro sistema de comunicación é válido para facer constar esta renuncia e enténdese que, de non se tramitado de tal xeito, o alumno ou alumna seguirá acollido ao sistema de avaliación continua da materia.

2.2.2. O sistema de **avaliación global** da materia realízase atendendo a dous factores:

- a) Superar a parte práctica, coa realización das actividades que confirmen os resultados previstos.
- b) Superar a parte teórica, mediante a realización do correspondente exame final.

2.2.3. Para superar a **parte práctica**, o estudante que renuncia á avaliación continua deberá presentar un proxecto audiovisual individual e realizar unha análise de contido audiovisual (caso práctico) na data de celebración do exame oficial. Facilitaranse as instrucións e correspondente rúbrica nun prazo máximo de un mes dende o comezo das clases. Cada unha das actividades terá un peso dun 30% na cualificación final da materia.

2.2.4. Para superar a **parte teórica**, o estudante que renuncia á avaliación continua, deberá realizar un exame teórico específico e presentar un traballo académico na data de celebración do exame oficial. Facilitaranse as instrucións e correspondente rúbrica nun prazo máximo de un mes dende o comezo das clases. Cada unha das actividades terá un peso dun 20% na cualificación final da materia.

2.2.5. A **avaliación final** no sistema de avaliación global realizarase aplicando a seguinte distribución:

- a) Teoría. Puntuación. Máxima 10 puntos/ Porcentaxe da nota 60% / dúas actividades co 30%
- b) Práctica. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 40% / dúas actividades co 20%

É requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das actividades.

Como síntese, a avaliación global deberá atender aos seguintes elementos:

Táboa 3. Criterios sistema de avaliación global. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Bloque	Actividade	Descrición	Porcentaxe
Teoría	Exame teórico final de avaliación global.	Exame tipo test de 100 preguntas (1 hora)	20%
Teoría	Traballo académico	Traballo académico escrito sobre algún dos contidos teóricos da materia.	20%
Práctica	Proxecto audiovisual	Desenvolvemento de pezas audiovisuais conforme as instrucións e rúbricas específicas	30%
Práctica	Caso práctico final de avaliación global	Redacción dunha análise crítica sobre unha campaña publicitaria audiovisual (30 min)	30%

2.2.6. As probas de avaliación global realizaranse co seguinte **calendario de traballo**:

1. Exame teórico final. Na mesma data e horario que o exame da convocatoria ordinaria segundo o calendario oficial aprobado polo centro.
2. Traballo académico. Deberá presentarse a través da plataforma Moovi antes da data e hora de comezo do exame da convocatoria ordinaria.
3. Proxecto audiovisual. Deberá presentarse a través da plataforma Moovi antes da data e hora de comezo do exame da convocatoria ordinaria.
4. Caso práctico. Realizarase despois de rematar o exame teórico da materia.

3. DO CONTROL DE ASISTENCIA

- 3.1. En todas as sesións prácticas e de seminario tomarase nota dos membros asistentes. Nas clases teóricas estes controis poderán facerse de xeito aleatorio.
- 3.2. Só se poderán xustificar as faltas de asistencia que se axusten ao establecido no Artigo 15 do Regulamento sobre avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023).
- 3.3. Os xustificantes de asistencia deberán ser presentados por escrito nun prazo máximo de 2 semanas dende que se produciu a ausencia para permitir unha correcta xestión da documentación da materia. Nese mesmo período deberá acordarse a posible recuperación de actividades non realizadas atendendo aos criterios descritos nesta normativa. Non poderán reprogramarse actividades máis aló dese prazo.
- 3.4. As faltas de asistencia reiteradas non supoñen, en ningún caso, o cambio da avaliación continua a avaliación global. Dito cambio só pode realizarse mediante renuncia expresa no prazo e proceso establecido polo centro.

4. DA CONVOCATORIA DE XULLO-2ª OPORTUNIDADE / EXTRAORDINARIA

- 4.1. O sistema de avaliación para a convocatoria de xullo-2ª Convocatoria e extraordinaria (inmediata á primeira convocatoria) é exactamente igual que o da convocatoria ordinaria (Artigo 23), é dicir, son aplicados os baremos recolleitos no apartado 2. Mantense a consideración de que é requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das partes.
- 4.2. Obsérvanse as seguintes peculiaridades.
 - a) Na convocatoria de **2ª oportunidade para avaliación continua** as probas son as seguintes:
 - (1) Exame teórico. O mesmo exame que na convocatoria ordinaria.
 - (2) Actividades de aula. Resposta de cuestionarios de resume dos realizados na aula.
 - (3) Proxecto audiovisual. Deberá presentarse un proxecto audiovisual semellante ao da convocatoria ordinaria pero elaborador de xeito individual.
 - (4) Actividades prácticas. Redacción dun caso práctico de análise de contidos audiovisuais publicitarios.
 - b) Na convocatoria de **2ª oportunidade para avaliación global** as probas son as seguintes:

(1) Exame teórico. Exame específico da totalidade do contido da materia.

(2) Traballo académico. Traballo académico sobre contidos da materia.

(3) Proxecto audiovisual. Deberá presentarse un proxecto audiovisual semellante ao da convocatoria ordinaria pero elaborado de xeito individual.

(4) Actividades prácticas. Redacción dun caso práctico de análise de contidos audiovisuais publicitarios.

c) Segundo os **contidos superados na primeira convocatoria**, o alumno ou alumna deberá realizar os traballos e actividades que correspondan, segundo se resume na seguinte táboa (Ö=proba superada):

Táboa 4. Criterios de avaliación 2ª oportunidade. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Avaliación continua				
Exame teórico (1)	Actividades de aula (2)	Proxecto audiovisual (3)	Actividades prácticas (4)	2ª oportunidade
Ö				2, 3, 4
Ö	Ö			3, 4
Ö	Ö	Ö		4
	Ö	Ö	Ö	1
		Ö	Ö	1, 2
			Ö	1, 2, 3
				1, 2, 3, 4
Avaliación global				
Exame teórico (1)	Traballo académico (2)	Proxecto audiovisual (3)	Caso práctico (4)	2ª oportunidade
Ö				1, 2, 3, 4
Ö	Ö			1, 2, 3, 4
Ö	Ö	Ö		1, 2, 3, 4
	Ö	Ö	Ö	1, 2, 3, 4
		Ö	Ö	1, 2, 3, 4
			Ö	1, 2, 3, 4
				1, 2, 3, 4

4.3. As particularidades recollidas no apartado anterior non son modificables BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA e baséanse nos seguintes criterios básicos:

a) As cualificacións da **avaliación continua** só teñen validez para as convocatorias do ano académico (ordinaria, 2ª convocatoria e extraordinaria inmediata). No curso posterior será preciso realizar a totalidade dos elementos de avaliación.

b) As cualificacións da **avaliación global**, pola súa propia natureza e atendendo ao Regulamento da Universidade de Vigo supoñen unha alternativa dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudantado que renuncie á avaliación continúa (Artigo 19, apartado 3), só serán válidas para cada convocatoria, polo que será preciso superar a totalidade dos elementos de valoración en cada oportunidade.

c) En todos os casos queda garantido o dereito do estudantado a optar á máxima cualificación (Artigo 19. Apartado 6).

5. DA COLABORACIÓN DOCENTES / ESTUDANTES

5.1. Existe un sistema de reserva de **titorías** a través do seguinte enlace:

<https://calendly.com/emmatorresromay/titoria-presencial>. Nas sesións de titorías (só de carácter presencial) resolveranse dúbidas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, pero non se poderán facilitar apuntamentos nin realizar clases teóricas completas (Artigo 16).

5.2. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da **plataforma Moovi**. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar o material específico e complementario que sexa preciso para a superación da materia, tendo en conta que non se facilitarán apuntamentos escritos senón materiais de apoio das sesións teóricas e prácticas, así como bibliografía específica e complementaria.

5.3. O docente **non remitirá materiais de traballo de xeito individual** nin remitirá correos electrónicos de aviso (atendendo ás limitacións establecidas polas normativas de xestión de datos persoais) polo que é responsabilidade do

estudiante activar as correspondentes alertas para pode dispoñer dos avisos e notificacións que só se remitirán dende a plataforma Moovi.

A presente normativa é aplicable a todos os alumnos e alumnas matriculados nesta materia SEN EXCEPCIÓN

Emma Torres Romay, xullo de 2023

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Obradors Barba, Matilde, **Creatividad y generación de ideas. Estudio de la práctica creativa en cine y publicidad**, 978-84-490-2446-7, Universidad Autónoma de Barcelona, 2007

Carvajal Saénz, Alejandro, **La realización audiovisual publicitaria**, 978-84-16658-84-8, 2016, Punto Rojo Libros, 2016

Navarro Gutiérrez, Carlos, **Creatividad publicitaria eficaz**, 978-84-15986-56-0, ESIC Editorial, 2014

Muela Molina, Clara, **Manual de Estrategias creativas en publicidad**, 978-84-36839-75-3, 2018, Ediciones Pirámide, 2018

Bibliografía Complementaria

Albalad Aiguabella, José María; Bustos Salinas, Lorena; Muñiz Zúñiga, Viviana (Coords.), **Nuevos lenguajes de lo audiovisual**, 978-84-17341-99-2, Gedisa Editorial, 2019

Barahona Navarro, Nuria, **Creatividad publicitaria ¿cómo juzgarla?**, 978-84-91165-41-5, Editorial UOC, 2017

Medina, Agustín, **Introducción a la publicidad**, 978-84.36833-39-3, Ediciones Pirámide, 2019

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Estratexias publicitarias para produtos audiovisuais/P04G071V01304

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Guión audiovisual/P04G071V01209

Teoría e técnica da montaxe/P04G071V01204

Realización audiovisual/P04G071V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Comunicación escrita/P04G071V01104

DATOS IDENTIFICATIVOS**Guión, produción e realización de ficción**

Materia	Guión, produción e realización de ficción			
Código	P04G071V01308			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Profesorado	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Correo-e	paulipe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo e capacitación nas técnicas de creación e difusión de proxectos de produción e realización de programas de ficción televisiva. Técnica, expresión e linguaxe audiovisual aplicado á realización de programas de ficción. Análise da linguaxe, da estrutura das mensaxes e das funcións *comunicativas dos xéneros de ficción narrativa. Análise e práctica da expresión dialogada e a súa aplicación nos guións de ficción Técnicas e procesos de elaboración dun guión a través dos diferentes formatos de produción de ficción. *Deseño da iluminación e o son para producións de ficción Produción, realización, *posproducción e distribución de produtos de ficción.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
B8	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de maneira ordenada adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
B9	Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio lingüístico, audiovisual e cultural de Galicia
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
C3	Coñecer os procesos e técnicas implicadas na dirección e xestión de empresas audiovisuais.
C5	Analizar e implementar estratexias de distribución e difusión de contidos audiovisuais e a súa influencia no proceso de produción
C8	Recrear o ambiente sonoro dunha produción audiovisual
C10	Deseñar a posta en escena, iluminación e dirección de actores dunha produción audiovisual.
C11	Definir proxectos persoais de creación innovadora que contribúan ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
C13	Conocer la historia y evolución del lenguaje y géneros audiovisuales a través de sus propuestas estéticas e industriales.
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais

C16	Coñecer e aplicar as tecnoloxías audiovisuais (fotografía, cinema, radio, televisión e multimedia) en función das súas capacidades expresivas.
C18	Capacidade para levar a cabo a gravación, composición, edición e postproducción de produtos audiovisuais.
C20	Escribir con fluidez guións para os diferentes formatos audiovisuais
C21	Coñecer e aplicar as técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Comunicar por oral e por escrito na lingua galega.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1 - Desenvolver as diferentes rutinas produtivas asociadas á fase de preproducción dun relato de ficción audiovisual C21	A1	B1	C1	D1
	A2	B3	C3	D2
2 - Desenvolver estratexias adecuadas a cada proxecto de ficción no que se refire a xestión dos recursos técnicos e humanos involucrados no relato audiovisual. C3 C21	A4	B4	C5	D3
	A5	B5	C8	D4
3 - Xestionar e calcular as partidas orzamentarias asociadas a unha produción de ficción. C21		B6	C10	
4 - Aplicar criterios narrativos e estéticos á utilización da cámara dende o punto de vista do uso da linguaxe fotográfica ao servizo da historia. C13 C19		B7	C11	
		B8	C13	
5 - Interpretar dende o punto de vista narrativo un espazo sonoro e propor unha identidade sonora para guións orixinais C19 C21		B9	C14	
			C16	
6 - Construír identidades visuais a través da iluminación e a posta en escena para relatos audiovisuais de ficción C13			C18	
			C20	
7 - Coñecer e aplicar os procesos técnicos e creativos asociados á realización de ficción en estudio e en exteriores C13 C19			C21	
8 - Escribir e desenvolver con fluidez guións de ficción de curta duración con e sen diálogos. C23				
9 - Desenvolver a capacidade de traballo en equipo, imprescindible nas producións de ficción C2				
10 - Producir, realizar e facer montaxes multi-cámara e monocámara. C21				
11 - Fomentar o respecto, a través da análise de relatos audiovisuais, cara aos dereitos fundamentais das persoas C4 C3 C4				
12 - Analizar os mecanismos fundamentais de construción, tanto de tramas como de personaxes asociados a pezas de ficción. C21				

Contidos

Tema	
1. Introducción á ficción audiovisual.	Definición Formatos de ficción
2. O guión de ficción	A idea As persoaxes Arco argumental e mapa de tramas A biblia de persoaxes O guión literario O pitching de presentación
3. O equipo de produción en ficción.	Os recursos humanos A figura do produtor Produción executiva Dirección de produción O produtor Axudante de produción Auxiliar de produción O dossier de produción
4. O equipo de dirección en ficción	As funcións do director Os axudantes de dirección A dirección de fotografía A iluminación do plano. O traballo de cámara O deseño sonoro A dirección escénica A dirección artística

5. A preproducción	Da idea ao guiión técnico Os desgloses de guiión O plan de rodaxe Elaboración do plan de traballo O presupuesto e a financiación Localizacións, permisos, casting e ensaios
6. O proceso da rodaxe	O labor de produción en rodaxe Xestión do personal técnico Supervisión da rodaxe O labor de dirección na rodaxe A planificación Toma de decisións Dirección de actores Dirección de fotografía O son
7. A posproducción	A montaxe de vídeo e audio O director na montaxe O produtor na montaxe Posproducción de audio vídeo Conformado e exportación final. Formatos
8. A comercialización e distribución	Dossieres de produción e venda Pitching e package Festivais e plataformas
9. Desenvolvemento práctico de secuencias	Planificación e rodaxe dunha secuencia multicámara en plató Planificación e rodaxe dunha secuencia multicámara en exteriores Planificación e rodaxe dunha secuencia monocámara Planificación e rodaxe dun plano secuencia Planificación e rodaxe da recreación dunha secuencia
10. Proxecto final.	Guionización, produción e realización dunha curtametraxe. Guionización, produción e realización dun microrrelato.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	0	30
Prácticas de laboratorio	90	30	120
Presentación	20	0	20
Aprendizaxe baseado en proxectos	60	60	120
Presentación	5	0	5
Presentación	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clases teóricas sobre os coñecementos básicos que debe adquirir o alumnado para o desenvolvemento de guiións e a realización e produción de proxectos de ficción.
Prácticas de laboratorio	O alumnado desenvolverá en equipos de traballo todo o material necesario para a produción de proxectos de ficción: planificación da produción e da realización, iluminación, son, decorados e atrezzo, ensaios de actores, posta en escena... A asistencia ás prácticas será obrigatoria.
Presentación	O alumnado exporá na aula os traballos realizados para o desenvolvemento dos seus proxectos de ficción, que serán corregidos atendendo a cada un dos temas que compoñen a materia.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumnado, en equipos de traballo e de maneira individual, planificará e desenvolverá os diferentes proxectos que forman parte da materia e que o preparan para a elaboración do proxecto final: a realización dunha curtametraxe de ficción e dun microrrelato de ficción.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	No sistema de traballo analizarase a progresión do alumno na realización da documentación implicada no proceso de produción no laboratorio, e a súa actuación no propio laboratorio no momento de gravación das pezas audiovisuais, atendendo á planificación. Valorase a súa habilidade para enfocar e solucionar imprevistos e problemas técnicos no laboratorio.
Aprendizaxe baseado en proxectos	No sistema de traballo analizarase a progresión do alumnado na habilidade de acadar os obxectivos previstos na planificación, cos recursos facilitados e as ferramentas desenvolvidas durante o curso, baseado nun ámbito conceptual e práctico na evolución dos proxectos finais a presentar.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Se avaliará a participación, a actitude, o traballo en equipo, así como a evolución e resolución das súas prácticas de laboratorio que o preparan para o desenvolvemento do proxecto práctico final.	20
Presentación	Se avaliará a CURTAMETRAXE presentada tendo en conta a progresión do alumnado no desenvolvemento do seu proxecto final. Se avaliará a calidade da peza audiovisual presentada, a participación, a actitude, o traballo en equipo, así como a evolución e a capacidade de resolución de problemas para acadar os obxectivos finais da materia.	40
Presentación	Se avaliará o MICRORRELATO presentado tendo en conta a progresión do alumnado no desenvolvemento do seu proxecto final. Se avaliará a calidade da peza audiovisual presentada, a participación, a actitude, o traballo en equipo, así como a evolución e a capacidade de resolución de problemas para acadar os obxectivos finais da materia.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTÍNUA: o modelo de avaliación por defecto da materia será a Avaliación Contínua, consistente en tres prácticas principais de carácter obrigatorio. Mediante o traballo en equipos o alumnado deberá realizar unha serie de **Prácticas de Laboratorio** que o habilitarán para o desenvolvemento das dúas prácticas finais. Nestas prácticas de laboratorio se avaliará cun 20% sobre a nota final a participación, a actitude e o traballo do alumnado.

Durante o curso o alumnado, divido en equipos de traballo, desenvolverá o guión e a produción dunha **Curta de ficción**, cunha duración máxima de 10 minutos, e un **Microrrelato de ficción**, cunha duración máxima de 3,30 minutos. Ambas obras serán presentadas na data que se estableza no calendario de produción de tal xeito que haxa tempo para a súa posprodución de audio e vídeo. A presentación será realizada ao final do curso ante o equipo docente e terá unha valoración cada unha das obras do 40% sobre a nota final da materia. Para superar a materia o alumnado deberá acadar a metade da porcentaxe en cada unha das partes.

AVALIACIÓN GLOBAL: o alumnado que teña escollido o modelo de Avaliación Global deberá superar as seguintes probas. A asistencia ás clases non será obrigatoria.

Proba 1: O alumnado deberá presentar de xeito individual na data oficial do exame final da materia, un dossier de produción dunha curtametraxe de ficción cunha duración máxima de 6 minutos. Neste dossier se desenvolverá o guión literario e técnico da obra, así como os desgloses, localizacións, plan de rodaxe... necesarios para a produción da curta. Esta proba terá unha valoración dun 20% sobre a nota final.

Proba 2: Na data oficial do exame final da materia, o alumnado que opte por esta modalidade, deberá presentar a curtametraxe onde teña desenvolvido de xeito individual a produción, a dirección e a posprodución da obra presentada no dossier de produción. A obra será correxida polo equipo docente e alumnado deberá facer as correccións suxeridas para o seu visionado xunto co resto de curtas elaboradas no curso. Esta proba terá unha valoración dun 40% sobre a nota final.

Proba 3: o alumnado que opte por esta modalidade, deberá realizar, na data oficial, un exame teórico do tipo desenvolvemento de preguntas sobre os contidos do temario da materia recollidos nesta Guía docente. Esta proba terá unha valoración dun 40% sobre a nota final.

Para superar a materia o alumnado deberá acadar a metade da porcentaxe en cada unha das probas.

O alumnado que se acolla a esta modalidade deberá renunciar ao sistema de Avaliación Contínua no prazo que estableza o centro e mediante o documento habilitado para tal fin.

Segunda Oportunidade. No caso de no ter acadado a metade da porcentaxe en cada unha das probas ou prácticas, o alumnado poderá presentarse a unha segunda oportunidade no mes de xullo, na que desenvolverá e presentará de novo a parte non superada según as consideracións feitas polo equipo docente.

Consideracións sobre a avaliación das curtas.

Na presentación do proxecto práctico de realización dunha CURTAMETRAXE e un MICRORRELATO se valorará:

A valoración xeral do proxecto.

O desenvolvemento do guión.

A dirección de actores.

O desenvolvemento da produción.

As localizacións

A dirección de arte e vestiario.

A dirección de fotografía.

O traballo de cámara.

A adecuación e calidade do son.

A montaxe e posprodución.

A presentación final do proxecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

KATZ, Steven., **Rodando. La planificación de secuencias.**, Plot, 2000

KATZ, Steven, **Plano a plano: de la idea a la pantalla**, Plot, 2000

REA, Peter e IRVING, David, **Producción y dirección de cortometrajes y videos**, IORTV, 2002

RABIGER, Michael, **Dirección de Cine y Video**, IORTV, 2005

FERNÁNDEZ DÍEZ, F. y MARTÍNEZ ABADÍA, J, **La dirección de producción para cine y televisión**, Paidós, 1999

BROWN, B, **Iluminación en cine y televisión**, Escuela de cine y vídeo. Andoaín,

CARRASCO Jorge, **Cine y televisión digital**, UBe, 2010

JOVER RUÍZ Fernando, **Control de la iluminación y dirección de fotografía**, Altaria, 2016

LUMET Sidney, **Así se hacen las películas**, Rialp, 1999

ARANDA, D. y DE FELIPE, F, **Guión audiovisual**, 2006

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dirección artística/P04G071V01305

Dirección escénica/P04G071V01312

Estratexias publicitarias para produtos audiovisuais/P04G071V01304

Posprodución I/P04G071V01302

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G071V01108

Teoría e técnica cinematográfica/P04G071V01109

Dirección de fotografía/P04G071V01205

Expresión sonora/P04G071V01208

Guión audiovisual/P04G071V01209

Narrativa audiovisual/P04G071V01207

Teoría e técnica da montaxe/P04G071V01204

Realización audiovisual/P04G071V01303

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Guión e deseño transmedia				
Materia	Guión e deseño transmedia			
Código	P04G071V01309			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Legerén Lago, Beatriz			
Profesorado	Legerén Lago, Beatriz			
Correo-e	blegeren@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Como creadores xa non só podemos pensar nun medio, senón que debemos pensar na súa relación co ecosistema dos medios, reflectindo todo o potencial creativo en escenarios que se poden basear non só en visións multimedia, intermedia ou crossmedia, mentres avanza cara a unha base que potencie o transmedia. Con independencia do futuro ecosistema no que as nosas creacións desenvólvanse, hoxe en día é necesario pensar a produción narrativa máis en termos de universo ficcional e menos en termos de historia pechada. Debido a que, existe unha gran cantidade de posibilidades técnicas, medios e canles de media, que posibilitan e esixen a continuidade, extensión, adaptación e extrapolación desa historia. (Legerén, B, 2019)			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B2	Coñecer a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
C11	Definir proxectos persoais de creación innovadora que contribúan ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
C20	Escribir con fluidez guións para os diferentes formatos audiovisuais
C22	Coñecer e aplicar as técnicas para o deseño e desenvolvemento de proxectos multimedia interactivos
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

Resultados previstos na materia				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar a base da comunicación narrativa	A5	C1		
Construír guións transmedia atendendo as necesidades do público o que se dirixen e as diferentes pantallas		B2 B3	C20	
Proponer proxectos interactivos de contido innovador aplicando a base da comunicación interactiva	A4		C11	D4
Proponer a temporalización de tarefas necesaria para a creación dun guión interactivo			C22	D1
Recoñecer os cambios empresariais producidos pola dixitalización cara a asumir riscos, e tomar decisión con autocrítica	A3	B2		D3

Contidos	
Tema	
Creación de Narrativas con novos medios	Identificar a base da comunicación narrativa e as diferencias entre narrativa convencional e a interactiva
Novas plataformas e medios.	Novas narrativas.

Transmedia Storytelling	Personaxe Tempo Mundo
Prácticas de Transmedialidad	Adptación. Desenvolvemento. Comodificación Distribución Marca

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	5	20
Traballo tutelado	21	22	43
Presentación	4	8	12
Proxecto	0	50	50
Observación sistemática	4	0	4
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	O docente explicará os contidos da materia según o temario proposto. O estudante deberá preparar contidos a suxerencia do docente para un mellor seguimento das clases.
Traballo tutelado	O estudante deberá traballar nun proxecto transmedia organico que deberá conter polo menos tres storylines diferentes.
Presentación	Os alumnos deberán presentar en clase os resultados dos distintos traballos que lles vaia encargando o profesor

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O docente estará ao dispor dos alumnos nas horas de titoría correspondentes
Traballo tutelado	O docente actuará como o produtor executivo dos proxectos que deseñen e desenvolvan os alumnos

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Proxecto	O alumno traballara en equipo e deberán presentar un proxecto transmedia organico como parte do aprendizaxe da material	40	A4 B3 C11 C20 C22
Observación sistemática	Os alumnos realizan de forma periódica en grupo, prácticas sinxelas sobre o coñecemento que van adquirindo.	20	D1 D4
Exame de preguntas obxectivas	Para avaliar os coñecementos teórico practivos os aluno poderan optar por facer unha proba de preguntas obxectivas o un traballo de investigación sobre algún aspecto da materia.	40	A3 B2 C1 D3 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

alumno optará a dous tipos de calificación: avaliación continua e avaliación global

O alumnado deberá informar ao docente da súa **renuncia expresa ao sistema de avaliación continúa** no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

1- Avaliación continua. Aplicaránse as porcentaxes e conceptos anteriores (Exame, Observación sistemática e Proxecto), coas seguintes consideracións:

A asistencia ás clases non será obrigatoria nin puntuará na calificación final. Agora ben, posto que a realización / presentación das prácticas (observación sistemática) puntuará, si un alumno non acode á clase práctica para defendela, e a práctica non é correcta, perderá a calificación.

Na segunda convocatoria (xullo) aplicaránse os mesmos criterios de calificación, aínda que as prácticas (Observación sistemática) e o Proxecto, non serán re-avaliados, manténdose a calificación da primeira edición. O alumno terá que mellorar

o seu calificación mediante o exame e/ou un proxecto individual.

2. Avaliación global -De acordo ao establecido no Estatuto do Estudante da Universidade de Vigo, o alumno que non opte pola modalidade de avaliación continua, terá dereito a unha proba global nas datas que a Facultade determine. Será unha proba única e obterá unha calificación entre 0 e 10, igual que na avaliación continua.

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas.

Esta modalidade consistirá nunha parte teórica (40% da calificación), e dous prácticas elaboración do proxecto (40% da calificación), e presentación do mesmo (20%).

1. A parte teórica incluírá as mesmas preguntas curtas que na modalidade de avaliación continua (20% da calificación) e outra parte de desenvolvemento dun tema do programa (20% da calificación).
2. A parte práctica consistirá no deseño dun proxecto transmedia orgánico. (40%). que deberá entregar o día da proba teórica.
3. Deberá facerse unha presentación oral do proxecto. (20%). Será despois do exame teórico.

Na segunda convocatoria (xullo) aplicaránse os mesmos criterios de calificación. smedia orgánico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bryan, Alexander, **The new digital storytelling**, Praeger, 2017

Pérez Cruz, María Lourdes, **El mito del héroe en la narrativa interactiva contemporánea**,

Kallay, Jasmina, **Cyber-Aristotle: Towards a poetics for interactive screenwriting**, 2010

Bolin, Goran, **Media Technologies, Transmedia Storytelling and Commodification**, 2007

Scolari, Carlos Alberto, **Cuando todos los medios cuenta**, Deusto, 2013

Legerén Lago, Beatriz, **Innovation, Transmedia and Neuroscience in Television**, Springer, 2019

Crespo Pereira, Verónica, **El uso de la neurociencia en el diseño de contenidos transmedia en los canales de televisión públicos de Europa : videojuegos y social TV**, Edmetic, 2018

Bernardo, Nuno, **Transmedia 2.0 : how to create an entertainment brand using a transmedial approach to storytelling**, beActive Books, 2014

Bernardo, Nuno, **The producer's guide to transmedia : how to develop, fund, produce and distribute compelling stories across multiple platforms**, beActive Books, 2011

Rosendo Sánchez, N, **Mundos transmediales: revisión conceptual y perspectivas teóricas del arte de crear mundos**, Icono14, 2016

Legerén Lago, Beatriz, **Diseño de Mundos-Historia (Storyworld Design)**, Icono14, 2019

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Creatividade publicitaria audiovisual/P04G071V01307

Estratexias publicitarias para produtos audiovisuais/P04G071V01304

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Comunicación escrita/P04G071V01104

Deseño e desenvolvemento de produtos interactivos/P04G071V01210

Guión audiovisual/P04G071V01209

Outros comentarios

Unha das vías de comunicación entre o docente e os alumnos será a plataforma Moovi a través da que se establecerá unha relación bidireccional entre o docente e os estudantes.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Programación para produtos audiovisuais**

Materia	Programación para produtos audiovisuais			
Código	P04G071V01310			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	López Fernández, José Manuel			
Profesorado	López Fernández, José Manuel			
Correo-e	josemlopez@uvigo.es			

Web

Descrición xeral O obxectivo principal desta materia é aproximar ao alumnado á programación audiovisual no contexto da industria española actual. O aumento exponencial das opcións de consumo audiovisual fai especialmente relevante o coñecemento global das diversas relacións que se establecen entre o espectador-consumidor, a obra audiovisual (televisiva ou cinematográfica) e os medios ou canles nos que esta pode chegar a emitirse. Buscarase, por tanto, que o alumnado distinga unha obra audiovisual doutra en función do seu formato, o seu público-obxectivo e as posibles estratexias de programación para chegar a ese público.

Para iso, será necesario coñecer e orientarse polo multiforme, cambiante e veloz fluxo audiovisual contemporáneo onde conviven a paleotelevisión (cadeas públicas), a neotelevisión (cadeas privadas, temáticas...) e a postelevisión (plataformas) coa distribución cinematográfica tanto en salas tradicionais como en plataformas (que poden ser propietarias ou xeneralistas). Será necesario tamén comprender a evolución do medio televisivo e o seu contexto actual, no que pasamos de ter dúas canles de televisión, a unha inabarcable oferta multicanal e multisorte, caracterizada, ademais, por un consumo personalizado e non lineal (on demand). Todo iso sen perder de vista o amplísimo panorama de eventos e contenedores cinematográficos (festivais, filmotecas, plataformas, ciclos en museos, etc.) e as dinámicas actuais da exhibición en salas.

En definitiva, esta materia buscará [sobre todo] dar as ferramentas necesarias para formar a mirada "curatorial" do programador: é dicir, distinguir e recoñecer os criterios estéticos que, como programadores, permitirannos elixir e ordenar o inxente fluxo de contidos audiovisuais que circulan ao noso redor para facelo chegar ao maior número de público posible.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.			
B2	Coñecer a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
C11	Definir proxectos persoais de creación innovadora que contribúan ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación			
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1 - Aplicar estratexias de comunicación persuasiva nos mercados audiovisuais para a promoción de canles.	B1		
2 - Distinción de técnicas comerciais, de promoción, venda e distribución de producións audiovisuais en televisión.	B1	C11	D1
3 - Identificar os procesos e técnicas implicadas na dirección e xestión de empresas televisivas no que respecta a produción, distribución e exhibición así como interpretar datos estatísticos vinculados á medición de audiencias e investigacións de mercado no ámbito da televisión.	B1 B2	C11	D1
4- Analizar as estruturas, contidos e estilos da programación televisiva	B1 B2	C11	
